

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

EDICTO do 20 de novembro de 2015, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado O Seixo, a favor dos veciños do Seixo, no concello do Bolo (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data do 4 de novembro de 2015, adoptou a seguinte resolución:

Unha vez examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado O Seixo, a favor dos veciños do Seixo, no concello do Bolo (Ourense), resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 3 de abril de 2012 tivo entrada no Rexistro da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería do Medio Rural un escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Arsenio González González, no cal solicita a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas O Seixo.

Segundo. Con data do 5 de novembro de 2014, o Xurado Provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designa instrutor e realiza as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro. En cumprimento do artigo 21 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, solicitouse certificación ao Rexistro da Propiedade dos asen-



tos que puidesen afectar os terreos reclamados polos veciños do Seixo. Para tales efectos, con data do 4 de xuño de 2015 emítase certificación na cal se pon en coñecemento do Xurado unha inscrición dun predio do ano 1896 que podería presentar similitudes cos terreos obxecto de clasificación. Remitida a citada certificación ao Servizo de Montes, con data do 14 de outubro de 2015 comunícase que a parcela número 1 de 315,35 hectáreas coincide sensiblemente coa finca xa inscrita no Rexistro da Propiedade, polo que non resultaría clasificable como veciñal en man común.

O Xurado, unha vez examinada a documentación que consta no expediente, considera que non quedou acreditado o carácter consuetudinario da parcela que consta como número 1 no acordo de inicio, polo que non procede a clasificación como veciñal en man común duns terreos que xa foron adquiridos no ano 1896 en concepto de compra proindiviso. No que respecta ás demais parcelas solicitadas, o Xurado acorda a súa clasificación.

Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Concello: O Bolo.

Denominación do monte: O Seixo.

Comunidade veciñal solicitante: veciños do Seixo.

Superficie total: 26,01 ha segundo datos catastrais.

Superficie total de encravados dentro do monte O Seixo: 0,05 ha.

A superficie que se vai clasificar, denominada O Seixo, está formada por sete parcelas catastrais separadas entre elas e como a seguir se relaciona:

– Parcela nº 1 (A Poula e Chaira): 1,23 ha

Concello	Datos catastrais				Superficie para clasificar (m ²)
	Polígono	Parcela	Lugar	Superficie catastral (m ²)	
O Bolo	6	16	Chaira	11.508	11.508
		155	A Poula	727	727
Superficie total que se vai clasificar na parcela nº 1					12.235 m ² 1,23 ha



– Parcela nº 2 (Valdoso e outros): 14,96 ha

Concello	Datos catastrais				Superficie para clasificar
	Polígono	Parcela	Lugar	Superficie catastral (m ²)	
O Bolo	9	528	A Quinchousa	5.647	5.647
		740	Pena Pechada	3.274	3.274
		835	Valdoso	23.480	23.480
		836	Valdoso	107.498	107.498
		786	O Castelo	9.195	9.195
		9003*	Camiño rural	2.207	509
Superficie total que se vai clasificar na parcela nº 2					149.603 m ² 14,96 ha

– Parcela nº 3 (O Castelo): 0,54 ha

Concello	Datos catastrais				Superficie para clasificar (m ²)
	Polígono	Parcela	Lugar	Superficie catastral (m ²)	
O Bolo	9	804	O Castelo	5.399	5.399
Superficie total que se vai clasificar na parcela nº 3					5.399 m ² 0,54 ha

– Parcela nº 4 (Valdoso): 8,89 ha

Concello	Datos catastrais				Superficie para clasificar (m ²)
	Polígono	Parcela	Lugar	Superficie catastral (m ²)	
O Bolo	9	36	Valdoso	13.008	13.008
		3	Valdoso	75.883	75.883
Superficie total que se vai clasificar na parcela nº 4					88.891 m ² 8,89 ha

– Parcela nº 5 (Sardueira): 0,08 ha

Concello	Datos catastrais				Superficie para clasificar (m ²)
	Polígono	Parcela	Lugar	Superficie catastral (m ²)	
O Bolo	1	160	Sardueira	821	821
Superficie total que se vai clasificar na parcela nº 5					821 m ² 0,08 ha



– Parcela nº 6 (Sardueira): 0,14 ha

Concello	Datos catastrais				Superficie para clasificar (m ²)
	Polígono	Parcela	Lugar	Superficie catastral (m ²)	
O Bolo	1	219	Sardueira	1.400	1.400
Superficie total que se vai clasificar na parcela nº 6					1.400 m ² 0,14 ha

– Parcela nº 7 (A Costa): 0,17 ha

Concello	Datos catastrais				Superficie para clasificar (m ²)
	Polígono	Parcela	Lugar	Superficie catastral (m ²)	
O Bolo	2	23	A Costa	1.393	1.393
		31	A Costa	315	315
Superficie total que se vai clasificar na parcela nº 7					1.708 m ² 0,17 ha

Encravados:

– Na parcela nº 5

Concello	Encravados	Datos catastrais		
		Polígono	Parcela	Superficie catastral (m ²)
O Bolo	F	9	761	535
	Superficie total de encravados na parcela nº 5			535 m ² 0,05 ha

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.



Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei, son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais, na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común e, outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa. Correspóndelle constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común foi acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro; o Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o Xurado Provincial por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado O Seixo, a favor dos veciños do Seixo, no concello do Bolo (Ourense), de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime





xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

Ourense, 20 de novembro de 2015

Yago Borrajo Sánchez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Ourense

CVE-DOG: 7ghy4nh0-eaq4-x651-ffj8-ijmewhncqej0n9





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 Servizo de montes do Ourense

MVMC "O SEIXO" DE 26,01 HA, PROPIEDAD DOS VECIÑOS DE O SEIXO NO CONCELLO DE O BOLO CLASIFICADO POR ACORDO DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES DO 20 DE NOVEMBRO DE 2015

LENDA

PARCELAS DO MONTE DO SEIXO	PARCELAS CATASTRAIS DE O BOLO
■ PARCELA Nº 1 (A POULA E CHAIRA)	■ PARCELAS DO POLÍGONO 1
■ PARCELA Nº 2 (VALDOSO E OUTROS)	■ PARCELAS DO POLÍGONO 2
■ PARCELA Nº 3 (O CASTELO)	■ PARCELAS DO POLÍGONO 6
■ PARCELA Nº 4 (VALDOSO)	■ PARCELAS DO POLÍGONO 9
■ PARCELA Nº 5 (SARDUEIRA)	■ RESTO DE PARCELAS
■ PARCELA Nº 6 (SARDUEIRA)	ENCRAVADOS
■ PARCELA Nº 7 (A COSTA)	■ ENCRAVADOS NA PARCELA Nº 4

ESCALA 1:5000

SISTEMA DE REFERENCIA ETRS89
 COORDENADAS UTM FUSO 29

MARZO DE 2016

BASE CARTOGRÁFICA:
 CARTOGRAFÍA VECTORIAL DA "DIRECCIÓN XERAL DEL CATASTRO" ACTUALIZADA A XANEIRO DE 2016